

COMERCIO XUSTO. IES FERNÁNDO WIRTZ (50 min)

Presentación (5 min)

Bos días a todas e todos, somos Eloi, María e Alba e vimos da ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, unha entidade que traballa para tratar de mellorar as condicións de vida das persoas en países do Sur global e para concienciar aquí ás persoas sobre o que acontece no mundo.

Que é unha ONG? Que fai?

A que me refiro se digo que un país está empobrecido?

Nesta ocasión estamos aquí para falarvos sobre o modelo de consumo que temos cada unha e un de nós, e das repercusións que este ten para tódalas persoas do mundo.

Actividade 1: Necesidades ou desexos? (25-30min)

O alumnado, que está conformado por un grupo de quince rapaces e rapazas, divídese en tres grupos de 5, tendo como criterio para esta división a proximidade. Cada un destes grupos será unha comunidade dunha aldea diferente.

A cada grupo, repárteselle un listado de 20 cousas, ás cales lles poderán engadir 4 cousas máis por grupo, polo que cada aldea comezará cun listado de 24 cousas. 3 min

Pasado un tempo, comeza a haber problemas de abastecemento, polo que é necesario que cada grupo reduza o seu listado eliminando as 8 cuestións que consideran menos importantes. É importante que tódalas persoas do grupo estean de acordo nesta decisión. 3 min

Meses despois volve a haber problemas nos suministros de determinadas cousas, polo que cada grupo deberá reducir unha vez máis 8 elementos da súa lista. 3 min

Finalmente, cada grupo queda só con 8 elementos e é neste momento cando pasamos á reflexión grupal, que fomentaremos a través das seguintes preguntas: 15 min

1. Que cousas engadíchedes? Por que? Estas cousas mantivéronse na vosa lista ata o final?
2. A primeira vez que tivéchedes que eliminar elementos, cales escollíchedes? Por que?
3. Foi máis complicada a segunda rolda de eliminacións que a primeira? Por que?
4. Houbo desacordos no grupo? Cales foron e por que?
5. Que necesidade básica intenta satisfacer cada un dos obxectos do listado?
6. Cal pensades que é a diferenza entre desexos e necesidades? Que cousas da lista son desexos e cales necesidades?

Reflexión Final

Consumir é utilizar ou gastar produtos e recursos naturais para satisfacer necesidades ou desexos. Cando nos referimos á sociedade de consumo estamos falando do complexo sistema que posibilita esta satisfacción de necesidades ou desexos.

Por iso, a primeira pregunta que debemos facernos é: cales son as nosas necesidades? A importancia que lle damos é diferente dunha persoa a outra, a que sí? Ademais, non é o mesmo necesidade que desexo. Por unha banda, se falamos de necesidade falamos de algo que é fundamental para as persoas, independentemente do lugar do mundo onde se atopen. Sen embargo, os desexos son elementos dos que podemos prescindir, que non son fundamentais para todas as persoas. Desta forma, pensades que o voso consumo é en base a necesidades ou a desexos?

Finalmente, tamén podemos destacar que cando vos dixemos que eliminásedes cousas da lista, ningún grupo contemplou a posibilidade de falar con outros grupos sobre se podían compartir algún recurso, sendo esta unha boa alternativa que permitiría que non todos os grupos nos tivésedes que desprender das mesmas cousas. O que ocorre é que non estamos acostumados a compartir, a ser solidarios, a identificarnos cos veciños e resto de persoas e a pensar no benestar común. Somos unha sociedade individualista “cidadanía global”.

Que alternativas se vos ocorren para contrarrestar o consumismo?

Comercio responsable, comercio xusto, reciclaxe de obxectos e roupa, grupos de consumo, consumo de proximidade, etc.

Como consecuencia de non distinguir necesidades e desexos, o consumismo aumentou notablemente dende mediados do século pasado. As persoas desexan cada vez máis cousas e acaban facéndose con elas. Pensade por exemplo nos vosos avós ou avoas, credes que teñen a mesma percepción sobre as necesidades que vós?

Que sentido ten este constante creemento do consumo cando boa parte das nosas necesidades non se satisfacen a través das compras?

Pensade en cousas que vos fagan felices e que non custen cartos (chuvia de ideas). Vedes como hai moitas e son moi importantes para todos e todas nós?

A NOSA LISTA

1. Un Iphone 13.
2. Educación.
3. Comida saudábel.
4. Billetes de avión gratis con estancias en hoteis incluídas.
5. Unha play station 5.
6. A oportunidade de practicar (ou non) a relixión que queiras.
7. Roupa nova cada semana.
8. Auga potable.
9. Liberdade de expresión.
10. Protección contra o abuso e o abandono.
11. Un ordenador portátil.
12. Protección contra a discriminación.
13. Sanidade pública, universal e gratuíta.
14. Aire limpo.
15. Unha lavadora.
16. Contas con 1 millón de seguidores en TikTok.
17. Lugares públicos para estar cos amigos/as.
18. Salario digno.
19. Unha casa.
20. Todas as chuches e o chocolate que queiras, gratis!
21.
22.
23.
24.

Actividade 2: Analizamos as nosas compras! (15-20 min)

Levaremos unhas caixas con tres produtos diferentes (chocolate, roupa e mandarinas). En cada caixa, haberá un artigo de comercio xusto e outro de comercio tradicional e, seguindo as preguntas da plantilla de Ekilikua, deberán reflexionar e despois expoñer as características positivas e negativas de cada un dos produtos. Tamén faremos fincapé na información dos produtos, tanto na que aparece como na que non.

Finalmente, preguntárolles que modelo de comercio pensan que é máis ético e xusto, e se pensan se precisamos cambiar o noso modelo de consumo.

Para concluír, pedirémoslles que nos digan tres cousas novas que aprenderon ou con que ideas se quedaron para transmitirlas ás súas compañeiras/os.